

EXPOSICIÓN

UNHA IMA

XE

PA

IBRAS

29. set-30 nov.

1º e 2º andar,

Fac. de Filoloxía

Avda. de Castelao, s/n, 15782

Santiago de Compostela

John Berger abre o seu coñecido libro de ensaios *Ways of Seeing* (1990) expoñendo como a vista chega antes que as palabras, de igual modo que as crianzas observan, recoñecen e, só despois, falan.


A exposición *Unha imaxe e mil palabras*, inscrita no programa de exposicións artísticas da Facultade de Filoloxía, nace desta apreciación e pretende constituir un exemplo da importancia de utilizar o discurso visual para comunicármonos de xeito máis efectivo.

A mostra supón o primeiro proxecto expositivo de Jorge Rodríguez Durán como artista gráfico e deseñador e nel é posible apreciar unha evolución técnica e estilística, aínda que mantendo a apostila polo equilibrio entre o uso da linguaxe visual como elemento central no deseño e o apoio ao texto escrito cando se require.

O conxunto de carteis que integran a mostra funcionaron como un acompañamento visual ás actividades organizadas polos equipos do grupo de investigación Discurso & Identidade da Facultade de Filoloxía dende o 2016 ata a actualidade.

Estes obxectos estéticos e artísticos permiten poñer en valor o deseño gráfico como arte para o mundo contemporáneo, e intentarei desgranar o traballo detrás dos carteis presentes na exposición, promovendo unha achega consciente á análise visual.

O primeiro dos traballos, correspondente ao seminario internacional *Gender and Short Fiction: Women's Tales in Contemporary Britain* (1), parte dunha proposta durante as prácticas do Máster de Estudos Ingleses Avanzados no Grupo de Investigación Discurso e Identidade. Para este cartel utilicei unha ilustración de stock no que aparece unha figura feminina e a idea de desenrolar un nobelo de la, reforzando a idea da tradición do relato breve como fórmula para tecer fíos.



Cartel (1)

UNHA IMAXE E MIL PALABRAS 29 sept- 30 nov. de 2022

A partir de aí e ao longo do 2016 explora diferentes estilos e formatos utilizando fotografías, ilustracións e vectores para o carteis, sempre mantendo unha consciente escolla da tipografía, xa for como parte informativa de imaxes más dominantes e representativas, neste caso de Irlanda, como sucede no cartel para o seminario *Irish Studies in Galicia* (2); ou ben usando a tipografía como elemento dinámico de interese, como no cartel para o seminario internacional *Eco-fictions* (3), no que un elemento pequeno como unha folla, remite ao concepto de Natureza, ao tempo que aporta unha a gama cromática e textura a un cartel más aparentemente simple.



Cartel (2)




Cartel (3)

O cartel (4) é só un entre sete pósters que feitos para o ciclo de conferencias *English Studies & Popular Culture*, nos que mantiña o mesmo layout de texto só variando as cores para que correspondese coa imaxe central de fondo, estando esta relacionada coa temática dalgunha das conferencias do ciclo: a figura histórica e literaria de Drácula, os contos de hadas, a saga de Harry Potter ou *O señor dos anéis*, entre outros. Este concepto de traballo repetiríase tamén o seguinte curso para o segundo ciclo baixo a mesma premisa.

UNHA IMAXE E MIL PALABRAS 29 sept- 30 nov. de 2022



Cartel (4) en grande e o resto de carteis para o ciclo *English Studies & Popular Culture*



Carteis para o ciclo *English Studies & Popular Culture II*

Quizais foi pola sensorialidade extrema dos carteles destes dous ciclos e outros posteriores que realicei en 2017 con imaxes e tipos de letra chamativos que despois disto decidín explorar estéticas moito más austeras con fondos brancos pero sen renunciar ás texturas, case abrindo unha nova porta estética dentro do deseño.



Outros carteis que realicei en 2017

UNHA IMAXE E MIL PALABRAS 29 sept- 30 nov. de 2022

Cando me propuxeron facer o cartel para o congreso nacional da Asociación Española de Estudios Irlandeses (AEDEI) en 2018 decidín comenzar por trazar un punto de encontro entre Galicia, sede do congreso ese ano, e Irlanda, obxecto de estudio, con especial atención á ecocrítica, como pivote analítico.

Foi así como cheguei á idea do *Ulex europaeus*, ou o toxo europeo, que medra nos dous lugares, Galicia e Irlanda, e é un símbolo recoñecible e popular das dúas nacións. Ademais do gran valor estético do mesmo cos tons amarelos en contraste coas texturas sobre o branco coas que quería traballar.

Após un traballo de arqueoloxía dixital a través de diferentes ilustración botánicas din co que finalmente sería o elemento central do cartel (5) e tamén do deseño posterior de programa e material do congreso.



Cartel (5) caras a e b

Para o cartel que anuncia a visita da profesora Sarah Knight en 2018 (6) quisen continuar coa cuestión da sinxeleza das texturas como fondo, neste caso contrapoñendo a modernidade que aporta o papel engurrado co recorte do retrato renacentista de Isabel I de Inglaterra, xa que xustamente o traballo que ía desenvolver

UNHA IMAXE E MIL PALABRAS 29 sept- 30 nov. de 2022

esta profesora convidada sería a de traer ao presente os traballos de Shakespeare en relación cos cambios sociais e xeográficos do mundo. Para reforzar esta idea quisen tamén utilizar unha tipografía de corte tecnolóxico para resaltar os títulos.



Cartel (6)

Aínda que sen deixar de explorar outras estéticas, ao sentirme cómodo dentro desta nova forma de traballo de texturas e imaxes centrais fóra de contexto decidín continuar nesta liña e crear unha coherencia con ilustracións de fauna mariña que remata co cartel (7), pero que se estende ao longo de outras conferencias e talleres enmarcadas dentro do mesmo ciclo de traballo.

Os carteis presentan diferentes tipos de peixes exóticos e coloridos engurrado para

darlle profundidade, e áinda que de novo cun fondo de papel, neste caso máis aló do contraste, a textura funciona como mar figurado por un lado, e más directamente como papel no que se envolve o peixe capturado, como ofrenda de coñecemento sobre os estudos da ecoloxía que se ían traballar.

Como sabía que sería unha serie de conferencias antes de facer o primeiro, decidín crear unha estética directamente identificable na que os peixes chamasen a atención nunha posición central para o rápido recoñecemento cando se atopasen polos corredores da facultade.




Cartel (7) cos outros carteis para o ciclo *From Ecocriticism to Posthumanism*

No caso do cartel (8) *Borders, Intersections and Identity in the Contemporary Short Story in English*, ao tratarse dun congreso preferín apostar por un estilo diferente e propio para esta actividade.




Partindo da idea de intersección e cruce quisen xogar cos golpes de cor creando vértices e visións desenfocadas, centralizando áínda así as figuras femininas que se ían tratar dentro do programa de dito congreso cunha paleta de cor chamativa pero tamén diversa.

Era importante para min manter a miña estética sobria e moderna pero tamén crear carteis que fosen visualmente axeitados para que cada actividade tivese a súa propia identidade.

O mesmo caso é o dos seguintes carteis, que non puideron entrar na exposición física por falta de espazo. Pero nos que tamén quisen xogar coas temáticas e identidades particulares das conferencias cunha estética coherente á miña neste momento.




Cartel (8)



Outros carteis de 2018 e 2019

Debido á pandemia da COVID-19, no 2020 e 2021 todas as actividades desenvolvéronse en liña, polo todos os carteis a partir deste punto tiveron que ser chamátivos e únicos, no sentido de que ían perder a visión casual de aquelas personas que transitan espazos físicos. Traballei en todos eles coa idea de que fosen cautivadores en contextos dixitales, que intrigasen aos espectadores e que escolleran achegarse a eles entre todo o contido que se estaba creando en liña.



Cartel (9)

Por outro banda esta forma nova de traballo tamén me deu a liberdade para explorar outras estéticas más aló das cores brillantes e imaxes centrais no deseño coas que traballaba para chamar a atención nun corredor.

Por exemplo, no cartel (9) para no congreso *Liminal Identities: Nature, Culture and Society* pódese atopar a miña primeira collage dixital. Pois aínda que xa noutras ocasións traballara manipulando imaxes e contrapoñendo estas cos fondos, é para Liminal Identities que me atrevín a crear este


retrato da natureza que hai no cartel xuntando un retrato de época, a textura vexetal que absorbe os trazos físicos, e un marco ornamentado para darlle profundidade.

Fiel á miña estética, quixén xogar coa tipográfica para crear un xa recoñecible contraste entre o moderno brillante o antigo escuro, tirando do neón como elemento que atrapa a vista para despois dirixir á enigmática figura realacionada coa temática do congreso.


UNHA IMAXE E MIL PALABRAS 29 sept- 30 nov. de 2022

No caso do cartel (10), para o seminario *ZOE: Literatura, ecofeminismo e configuración animal* é un cartel sinxelo e efectivo cunha imaxe central e un xogo claro sobre as identidades animais e un gato exipcio que se funde co fondo co mesmo ton de pel só contrastando coa cor dos ollos, unha humanización que tamén aparece na tipografía de corte primitivo que escollín para concepto ZOE, do que se ía falar no seminario.

Este cartel pode semellar un paso atrás esteticamente falando, isto débese a que o seminario ZOE estaba planificado orixinariamente para comezos de 2020, e aínda que este o seu lugar por uso cronolóxico, a creación correspondería a finais de 2019. É, ao meu ver, un claro exemplo de transición estética entre os anteriores carteis e os que van aparecer posteriormente, como xa comentaba no caso do cartel (9).



Cartel (10)



Cartel (11)

Para o cartel (11), que anuncia a conferencia *Staging Richard III Today* quisen traballar con elementos escénicos e escollín a imaxe dun escenario no que os focos recrean case a imaxe dunha coroa, enxalzando dixitalmente as luces e as sombras para que a


tipografía se proxectase como o anuncio dun espectáculo, dando a entender a análise escenográfica que se ía desenvolver na conferencia.

O seminario *Virginia Woolf Beyond Words* (12) foi unha actividade que se desenvolveu como conmemoración do 80º aniversario do pasamento de Virginia Woolf. Para o anuncio tiña claro desde o principio que quería traballar cou dous elementos: a sinatura da autora e unha fotografía da mesma o máis próxima á súa idade de falecemento.

O primeiro elemento incluíño para o título do seminario vectorizando a sinatura manuscrita nunha das súas cartas e emparellando esta cunha tipografía de estilo art déco, acorde coa súa época e o patrón de fondo.

Para o retrato, como xa dixen, quería escoller un que representase a Woolf xa maior, pois quería escapar das clásicas representacións de autora suicida que morre nova. Para isto pareceume perfecta esta fotografía dunha Woolf madura posando cun chal con detalles de bordado, case un eco do meu primeiro cartel.

Esta fotografía en branco e negro permitiume achegarme no traballo de interpretar a cor nunha fotografía histórica, que despois utilizaría para desenvolver un collage dixital orixinal no que se mestura o fondo, a fotografía corada e debuxos vexetais vectorizados para crear unha imaxe influenciada pola Ofelia de Millet dun xeito más contemporáneo, ligando co pasamento de Woolf, central no seminario.




Cartel (12)

O cartel (13) para o seminario *Verse-Music and the Ring of Ideas* resultoume especialmente complexo. Desde o primeiro momento sabía que ía ter un alto contido de texto informativo que precisaba ser lido facilmente, polo que decidín traballar cun fondo branco e limpo e partir de elementos musicais que fosen suxerir a temática de todas as sesións en conxunto.


Para isto escollín a lira como instrumento primixenio da música e a poesía para representar o traballo co ritmo e a lírica que se ía desenvolver. Realicei un vector sinxelo nunha cor que chamase a atención e se relacionase tamén coa tipografía do título, tamén de estilo feito a man, para crear un dinamismo no cartel destes elementos unidos contra todo o outro texto flexible.

Aínda que é o último cartel en uso, penso que o cartel para IWoDA'22 *Digital Technologies and Gaming: Implications and Applications for Language Use, Teaching and Learning* (14) ten máis sentido nesta posición, pois coincide coa cronoloxía de creación do mesmo e ten moita más relación estética cos carteis que estaba facendo nese momento.

Nel volvo traballo con vectores gráficos e símbolos que acompañan á temática e se complementan cunha gama cromática moderna e tecnolóxica, acorde ao obradoiro. A limpeza da tipografía corresponde coa necesidade de engadir elementos textuais como as referencias a grupos de investigación e logos de entidades colaboradoras, para non confundir e abafar a vista sen un punto claro de referencia.



Cartel (13)



Cartel (14)

UNHA IMAXE E MIL PALABRAS 29 sept- 30 nov. de 2022

Similar a este realicei outro carteis nos que tiraba de arquetipos centrais para representar os temáticas en contraposición cos longos títulos académicos que se lle tenden a dar ás actividades, tirando da cita de Berger coa que se abre este catálogo, a miña intención é sempre intentar que as temáticas entren polos ollos das persoas observadoras para que despois se acheguen e se interesen pola actividade.



Outros carteis realizados en 2020 e 2021


No 2022, e coa volta á presencialidade total quisen tamén intentar un xiro no meu estilo. Pois despois de ter a mel nos beixos co traballo con fotografía histórica no cartel (9) para o seminario de Virginia Woolf, apetecíame explorar máis aló.

Para conferencia *Anarcotranshumanismo, tecnofeminismo y ciberfuturibles, algunos distópicos* fixen o cartel (15), que abre a última sección da exposición quisen traer de volta o contraste de antigo e o contemporáneo que xa utilizara para o cartel (6) utilizando A unha fotografía futurista dos anos 60 como elemento que une a sociedade que se vai describir na conferencia coa temática da mesma.

Ademais tamén quisen xogar cun alto contraste entre a fotografía en branco e negro coas cores do título e da información, nun tipo de tipografía que se denominan decorativas, que tomarán cada vez máis protagonismo no meu traballo. Este protagonismo tipográfico é claro no cartel para a xornada *100 anos de Ulises* (16).



Cartel (15)



Cartel (16)

De novo unha xornada conmemorativa, nesta ocasión arredor da publicación en 1922 da novela *Ulises*, de James Joyce. O cartel (16) recolle unha fotografía de James Joyce con Sylvia Beach, dona da famosa libraría parisina Shakespeare & Company e mecenas de Joyce, grazas a Beach o *Ulises* pode chegar a publicarse. Unha posta en valor dos estudos Joycianos dende unha perspectiva feminista, da que se partía ao organizar a xornada. E tamén unha unión con outras fotografías que formaban parte dun proxecto expositivo sobre o historial de publicación da novela no que se xoga con cores planas sobre personaxes históricas para destacar o rol das mulleres nesta historiografía. pero neste caso traballando cunha paleta cromática moito máis

UNHA IMAXE E MIL PALABRAS 29 sept- 30 nov. de 2022

brillante e case triangulando as cores primarias entre as dúas figuras da foto e as letras do título.



Imaxes da mostra expositiva *100 anos de Ulises*

Ademais este cartel conta cunha tipografía de corte xeométrico e modernistas para reflectir a época na que se escribe a novela case un traballo brutalista sobre a imaxe coreada, igual que no caso do cartel (12), pero cunha paleta cromática restrinxida para o cartel triangulando de cores primarias entre as dúas figuras da foto e as letras do título.

Continuando co colorismo e a centralidade da tipografía fronte a outro elementos visuais pecha a exposición o cartel (17) para o congreso *Mapping Brevity across Borders: Short Forms as Tools for Educational, Social and Cultural Mediation*.

Este cartel é tamén unha achega ao uso de fotografía pero dende outro ángulo, pois despois de realizar varias versións da mesma fotografía de alfinetes unidos e enleados por un fío para traballar cos concepto de mapeo e forma breve que conectan co título co congreso, decidín utilizar a fotografía como detalle en lugar como elemento central.


As cabezas dos alfinetes aportas puntos de cor e tamén son un elemento físico que escorrega grazas ao fío conductor en entra e sae de plano. O que permanece é a tipografía do título, nun vede que conecta cos alfinetes pero cunha identidade propia.

Este cartel traballa coa temática para a que está creado desde un punto de vista de conceptualización da imaxes e minimalismo. Similar a este, tamén creei con anterioridade o cartel para a xornada *Soundscapes. Cartografías sensoriais e paisaxes sonoras*, no que xa apuntaba esta estética tipográfica con elementos externos que aportan detalles e non achega directa á temática.

En resumo, intentei facer un recorrido desde a miña propia experiencia e traballo no deseño gráfico como un arte consciente que ten máis en si mesmo do que se pode pensar a simple vista.

Unha imaxe e mil palabras pretende ser un espazo de reflexión sobre como a composición visual dunha imaxe de algo como un cartel ten un pensamento crítico detrás e unha pretensión de fuxir de ideas preconcibidas sobre a arbitrariedade coa que se crean imaxes visuais e de como funciona a transmisión de ideas.

É unha honra para min que tanto as persoas a cargo das actividades e eventos para os que fixen algúns cartel como o Decanato da Facultade de Filoloxía me deixasen sempre traballar dende unha liberdade creativa absoluta e que apreciasen a calidade artística e estética do meu traballo, e agardo que esta exposición provoque, en maior ou menor medida, o agromo, nas persoas que se



Cartel (17)

UNHA IMAXE E MIL PALABRAS 29 sept- 30 nov. de 2022

achequen a Unha imaxe e mil palabras, dun gusto no deseño gráfico e un respecto sobre os xeitos de comunicar.



Cartel para *Soundscapes*

Jorge Rodríguez Durán (Vigo, 1993), é técnico de apio á investigación para o Grupo de Investigación Discurso & Identidade. Estudou lingua e literatura inglesas na USC e atopou un fogar na Facultade de Filoloxía da USC, onde desenvolveu, ademais de estudos académicos, un amor profundo pola literatura e a escrita e as artes gráficas.

Como poeta, gañou o segundo premio o III Certame Literario Mazarelos co micropoemario O sentido común (@o_sentido_comun). Tamén foi segundo no I Maratón Literario de Poesía de Autor da Biblioteca de Cuntis e no Certame de Poesía Avante LGBT+ 2021. O seus textos foron incluídos na antoloxía Poesía galega novísima (Urutau, 2020) e publicou a folla volandeira Manual de estilo (Leite Edicións, 2019) e o poemario COSMO(a)GONÍA (Fetiche Edicións, 2021).

Tamén publicou traducións ao galego e castelán do conxunto *The Assimilated Merfolk*, de Nuala Ní Dhomhnaill (The Gallery Press, 2021), e a tradución ao galego do poema "A Shadow in Her Notebook" de Eiléan Ní Chuilleanáin (ABEI Journal, 2022) e tamén traduciu ao inglés o conxunto poético *Six Irish Poems (and Nothing to Declare)* de Emma Pedreira (New York Poetry Review, 2021) e tamén o poemario *After Dark* [tradución ao inglés d'As posturas do día, de Emma Pedreira] (Nueva York Poetry Press, 2022).

Como artista gráfico, formouse en deseño gráfico na UOC e como técnico de impresión gráfica no ensino medio.